



Resolución reitoral do 4 de abril de 2025 pola que se convocan as eleccións ao Consello do Estudiantado provisorio da Universidade da Coruña

Ao abeiro do que establece a disposición transitoria do Regulamento 04/2025, do 27 de marzo de 2025, do *Consello de Goberno, polo que se crea o Consello do Estudiantado da UDC e se establece o seu réxime xurídico*, constituirase un Consello do Estudiantado provisorio, composto por doce membros elixidos por/entre as persoas representantes do estudiantado no Claustro, polo que en uso das facultades que me atribúen os Estatutos,

RESOLVO convocar as eleccións ao Consello do Estudiantado provisorio, nas condicións e segundo o procedemento que figura no anexo I e no calendario que figura no anexo II.

Esta resolución publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.

O reitor

Ricardo J. Cao Abad



ANEXO I

I. PERSOAS ELECTORAS E PERSOAS ELIXIBLES

Son persoas electoras e persoas elixibles os membros do Claustro representantes do sector C – Estudiantado.

II. PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

1. Haberá unha única circunscrición. As persoas electoras poderán votar a todas as persoas elixibles que presenten a súa candidatura no prazo e forma establecidos.

2. As **candidaturas serán individuais** para os efectos de presentación, proclamación, votación e escrutinio e presentaranse mediante o formulario electrónico que estará accesible na páxina web da Secretaría Xeral **do 21 de abril ata o 23 de abril ás 14.00 horas**.

3. Se o número de candidaturas definitivas proclamadas for igual ou inferior ao número de postos ou vacantes para cubrir no proceso electoral, as persoas candidatas definitivas serán proclamadas electas sen necesidade de proceder á votación.

III. VOTACIÓNS

1. O proceso de votación realizarase na plataforma de voto electrónico.

2. O sistema de autenticación que dará acceso ao sistema de votación será o Sistema de Federación de Identidade da UDC.

3. A plataforma de votación electrónica permanecerá aberta **entre as 10:00 e as 17:00 horas do día 5 de maio de 2025**.

4. Para os efectos de promover a paridade entre os sexos en todos os órganos da UDC e garantir unha composición equilibrada de mulleres e homes, as candidaturas aparecerán no portal de votación agrupadas por sexo, e cada elector poderá votar como máximo ata 8 candidatos e non máis de 5 do mesmo sexo.

IV. ESCRUTINIO E PROCLAMACIÓN DE ELECTAS/OS

1. Ao remate do prazo establecido para as votacións, a Secretaría Xeral procederá ao escrutinio, elaborará as actas correspondentes e publicará a proclamación provisoria das candidaturas electas ao día seguinte do da votación.

3. Logo de que transcorra o tempo establecido para as posibles reclamacións á proclamación provisoria de candidaturas electas, a Secretaría Xeral procederá á proclamación definitiva dos candidatos e candidatas electas que publicará na páxina web.

5. A Secretaría Xeral atenderá as dúbidas e incidencias que puideren xurdir no correo electrónico secretaria.xeral@udc.gal



ANEXO II

CALENDARIO ELECTORAL

1. Convocatoria de eleccións e dos censos provisorios: 7 de abril de 2025
2. Prazo de presentación de solicitudes de rectificación do censo:
 - Prazos de presentación: do 8 de abril ao 10 de abril até as 14:00 horas
 - Prazos de resolución e publicación do censo definitivo: 11 de abril
3. Prazo de presentación de candidaturas: do 21 de abril até o 23 de abril as 14:00 horas
4. Proclamación provisoria de candidaturas: 23 de abril de 2025
5. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidaturas:
 - Prazos de presentación: do 21 de abril ao 25 de abril até as 14:00 horas
6. Proclamación definitiva de candidaturas: 25 de abril de 2025
7. Campaña electoral: do 28 ao 30 de abril de 2025
8. **Data da votación: 5 de maio de 2025**
9. Proclamación provisoria de candidaturas electas: 6 de maio de 2025
10. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidaturas electas:
 - Prazos de presentación: do 7 de maio ao 8 de maio até as 14:00 horas
11. Proclamación definitiva de candidaturas electas: 9 de maio de 2025